**PRIMEIRO.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024"** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á "achega provincial 2024" e con cargo á "achega provincial 2023":

**a) Financiamento de gastos correntes que se devindiquen no exercicio 2024:**

| | **DEPUTACIÓN** |
|---|---|

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| | |
|---|---|
| Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes | 65.640,82€ |
| **Subtotal gasto corrente** | **65.640,82€** |

**b) Financiamento** de investimentos:

| **ACHEGA PROVINCIAL 2024** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado (só cando sexa deducible nos abastecemento auga potable) | Total Concello | |
| Mellora de capa de rodaxe e formación cunetas e beirarrúas de formigón estrada de Montecelo a Cimadevila | 97.490€ | 0,00€ | - | 0,00€ | 97.490€ |
| Renovación da rede de alumeamento con tecnoloxía led na Grela de Paleo | 37.326,38€ | 0,00€ | - | 0,00€ | 37.326,38€ |
| Subtotal investimentos achega provincial 2024 | 134.816,38€ | 0,00€ | - | 0,00€ | 134.816,38€ |

| **ACHEGA PROVINCIAL 2023 (investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Denominación da obra ou subministración | Deputación | Concello | | | Orzamento total |
| | | Achega municipal | IVE soportado (só cando sexa deducible nos abastecemento auga potable) | Total Concello | |
| Reforma interior do centro deportivo | 155.456,60€ | 1.152,01€ | - | 1.152,01€ | 156.608,61€ |
| Subtotal investimentos achega provincial 2023 | 155.456,60€ | 1.152,01€ | - | 1.152,01€ | 156.608,61€ |


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

d) **Resumo**:

| | | | CONCELLO | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| POS+2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO | | DEPUTACIÓN | CONCELLO | IVE SOPORTADO DEDUCIBLE (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable) | TOTAL CONCELLO | ORZAMENTO TOTAL |
| A-Gastos correntes | Achega 2024 | 65.640,82€ | - | - | - | 65.640,82€ |
| | Achega 2023 | - | - | - | - | - |
| B-Investimentos | Achega 2024 | 134.816,38€ | - | - | - | 134.816,38€ |
| | Achega 2023 | 155.456,60€ | 1.152,01€ | | 1.152,01€ | 156.608,61€ |
| C-Redución da débeda do Concello coa Deputación | Achega 2024 | - | - | - | - | - |
| | Achega 2023 | - | - | - | - | - |
| D- Total | Achega 2024 | 200.457,20€ | - | - | - | 200.457,20€ |
| | Achega 2023 | 155.456,60€ | 1.152,01€ | - | 1.152,01€ | 156.608,61€ |
| | TOTAL | 355.913,80€ | 1.152,01€ | - | 1.152,01€ | 357.065,81€ |

**SEGUNDO.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)** | **(A) Orzamento de contrata** | **(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)** | **(C)= A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)** |
|---|---|---|---|
| Rehabilitación da pista polideportiva de Tabeaio e espazos anexos | 90.530,31€ | - | 90.530,31€ |
| Humanización rúa do Souto | 233.658,19€ | - | 233.658,19€ |
| Mellora de vía en Balbén, parroquia de San Vicente | 105.029,92€ | - | 105.029,92€ |
| Construción de beirarrúas na rúa Río de Canles | 41.869,56€ | - | 41.869,56€ |
| Mellora de cunetas en Tabeaio | 32.885,23€ | - | 32.885,23€ |
| TOTAIS | 503.973,21€ | | 503.973,21€ |

**TERCEIRO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**CUARTO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

**QUINTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**SEXTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**SÉPTIMO.-** Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**OITAVO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

**3.- Ditame moción plenaria grupo popular medidas estatais en atención primaria.**

Pola secretaria procédese á lectura do acordo a ditaminado en Comisión Informativa de Asuntos Xerais de Pleno en data 01 de febreiro de 2024 relacionado coa orde do día...

**EXPEDIENTE** 2023/A008/000045

Sometido o ditame a votación: a comisión informativa por maioría simple, con voto ponderado do grupo municipal Partido Popular (4 ) e as abstencións do grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral (7 votos), ditaminou favorablemente o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-**Acordar o seu apoio ás medidas incluídas no 'Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.

**SEGUNDO.-**Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.

**TERCEIRO.-**Instar á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, vo1vendo a prestar esta atención dende o sistema público con persoal sanitario propio das Institucións Penitenciarias.

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**CUARTO.-** Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España.

Concede a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. José Luis Mouriño voceiro do grupo municipal do Partido Popular que manifesta que en Galicia hai un debate sobre a falta de médicos en atención primaria e sinala que esta proposta é para que todas as administracións públicas sobre todos as que teñen competencia para sacar MIR teña en conta ea necesidade desta especialdade, peidatría e outras.

Sen máis intervencións, procédese á votación:

O Pleno municipal adoptou o seguinte **ACORDO** por unanimidade, cos votos a favor do grupo municipal de Alternativa dos Veciños de Carral (7), e do grupo municipal do Partido Popular (3 ) presentes na sesión plenaria:

**PRIMEIRO.-**Acordar o seu apoio ás medidas incluídas no 'Manifesto de conselleiros de sanidade para a toma de medidas estatais urxentes en materia de atención primaria respaldado pola maioría dos gobernos autonómicos e pola maioría do Congreso dos Deputados e que inclúe reformas que permitirían incrementar en 1.000 as prazas formativas anuais de medicina de familia en toda España nos vindeiros anos para afrontar o relevo xeracional na atención primaria.

**SEGUNDO.-**Instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España o cumprimento do mandato parlamentario que lle insta a adoptar estas medidas, trala aprobación dunha resolución no Congreso dos Deputados nese sentido.

**TERCEIRO.-**Instar á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España que reverta a privatización dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios galegos, vo1vendo a prestar esta atención dende o sistema público con persoal sanitario propio das Institucións Penitenciarias.

**CUARTO.-** Acorda dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Sanidade do Goberno de España.

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**4.- Mutación demanial  das casas dos mestres sitas no terreo do CEIP Vicente Otero Valcárcel.**

Pola secretaria procédese á lectura da proposta,  punto sen ditaminar pola comisión informativa para elevar a votación:

**Expediente TEDEC :2024/X999/000013**

**"**Visto o expediente tramitado en relación á desafectación e mutación do destino dos bens inmobles de dominio público das casas dos mestres sitas no terreo do CEIP Vicente Otero Valcárcel Expediente TEDEC 2024/x999/000013 , así como a Orde do Ministerio para  a transición ecolóxica  TED 1381/2023  publicada no BOE 309 de data 27/12/2023 na que se fixa  prazo de solicitude de subvención   na cláusula  7 resultando ser o día 22/3/2024

Non sendo ditaminado este acordo por Comisión informativa, xa que era necesaria obtención de certificacións do Rexistro da propiedade que non chegan ata o propio día da convocatoria de dita Comisión, pero tendo prevista a participación na convocatoria da orde referenciada e sendo necesaria a tramitación previa dun expediente de mutación demanial dos bens inmobles  afectados a uso educativo dos que é titular este Concello por prescrición legal e que se pretenden afectar a un uso demanial diferente para participar na convocatoria,  SOLICITO  que o Pleno municipal acepte este punto da orde do día sen ditaminar por maioría simple dos concelleiros /as en aplicación do disposto nos artigos 97.2 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais ."

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. Mouriño

Manifesta o Sr. Mouriño que grupo municipal do Partisdo popular non sabe que vai a votar, non saben para que se vai a destinar esa subvención da que se fala na proposta, ven que é para transición ecolóxica pero non saben de que trata e, ao mesmo tempo, sinala o Sr. Fernández que pareceríalle ben ao seu grupo que as casa do CEIP Vicente Otero Valcárcel foran destinadas a outras cousas que non fora educación pero na proposta fálase dunha solicitude de subvención pero non aparece ningunha memoria.

Intervén a Sra. Secretaria para explicar que a mutación pretende un cambio de uso público  de educativo a cultural/social.

O Sr. Fernández pregunta para que é a subvención, que van a meter ahí.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Manifesta o Sr. Alcalde que é unha mutación demanial dun cambio de uso público educativo, como son as casas dos mestres e pasaránse a uso socio-cultural, é dicir, sinala o Sr. Alcalde farase unha reparación desas vivendas e destinaránse a usos socio-culturais, por exemplo centro para as amas de casa, asociacións que o soliciten dentro do municipio.

Indica o Sr. Fernández que eles entenden que a proposta está feita ao revés, xa que na proposta dí que se solitou unha subvención e esixen un cambio de uso de educación a socio-cultural. Manifesta o Sr. Fernández que o que deberían facer era presentar un proxecto, deixar esta proposta sobre a mesa e falar.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que se está a pedir unha subvención, si o grupo popular quere votar a favor está ben e senón que voten o que queiran.

Indica o Sr. Mouriño que o grupo popular vaise abster xa que o Vicente Otero é destinado, puramente a educación e agora van a armala e o grupo popular non quere participar nesto. Indica o Sr. Mouriño que dende o portal branco para dentro é todo do Vicente Otero e está destinado todo a educación. Insiste o Sr. Mouriño preguntando que é o que van a facer no Vicente Otero, na proposta fálase de que dende o Concello se presentou a solicitude dunha subvención. Procédese a votación do tratamento deste punto da orde do día aprobándose por maioría cós 7 votos a favos dos/as concelleiros/as de Alternativa dos Veciños e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP.

O Alcalde procedendo a levantar a sesión é interrompido pola Secreatría que lle recorda que cando se trata dunha proposición que non está ditaminada é necesario que o pleno, por maioría simple, acepte o tratamento deste proposta e despois se vote o acordo que continuaba así :

Visto informe proposta da Técnica xurídica asinado o 1/2/2024 que sinala :

**EXPEDIENTE: 2024/X999/000013**

**ASUNTO: Mutación demanial obxectiva de bens de dominio público**

**DONA SONIA CAMPOS ARES**, técnica xurídica do Concello de Carral, de acordo polo ordenado pola alcaldía mediante providencia do 29 de xaneiro de 2024, emito o seguinte informe-proposta de resolución de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con base no seguintes

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**ANTECEDENTES DE FEITO**

- Certificación catastral tirada da Dirección Xeral de Catastro con selo e CSV: FSTDJB5R7N1SM02Q da parcela onde se atopan as casas dos mestres así como o CEIP Vicente Otero Valcárcel cuxa referencia catastral é 2462506NH5826S0001DE e cuxo titular o Concello de Carral.
- Nota simple emitida polo Rexistro da Propiedade nº 5 da Coruña onde non consta inscrita a nome de persoa algunha, nin física nin xurídica, a parcela coa seguinte descrición: *"Finca con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE, sita en la calle Alcalde Juan Seijas número 37, con una superficie construida de cinco mil trescientos noventa y ocho metros cuadrados y una superficie gráfica de siete mil quinientos metros cuadrados, sobre la que se asienta el CEIP Vicente Otero Valcarcel, el polideportivo y las casas de los maestros. Linda, Norte, Xunta de Galicia; sur, Ayuntamiento de Carral y vía pública; este, María del Carmen Pérez Gómez y con UFD Distribución Electricidad SA; y Oeste, con Purificación Meijide Rapela, con la comunidad de propietarios de la calle Alcalde Juan Seijas 5, nº2-7 y Maria Lopez Barbeito."*
- Resolucións da Secretaría Xeral da Consellería de Educación de datas 22 de decembro de 2009 (vivenda nº 17), 12 de novembro de 2013 (vivendas nº 19, 21 e 31), 08 de xuño de 2017 (vivendas nº 9, 17, 19, 21, 23, 29, 31 e 33 ademais da EEI de Herves) e 05 de decembro de 2018 (vivenda nº 8, 13 no catastro, e 13, 11 no catastro).
- Informe dos servizos técnicos municipais sobre a numeración das casas dos mestres e do espazo afectado polas mesmas onde se conclúe que se debe entender que están desafectadas as catorce vivendas debido ao baile de numeración existente. Tamén se informa, tal e como define a Lei de Ordenación da Edificación, que quedan adscritos ao uso das vivendas os espazos de urbanización anexos e que se corresponde cos xardíns tal e como recolle o topográfico.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Real Decreto 1763/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación.
- Apartado dous da disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, do 03 de maio, de Educación.
- Artigos 71 e 72 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

- Artigo 22.2.l) en relación co 47.2.n) e o artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

**INFORME XURÍDICO**

Primeiro.- O Real Decreto 1763/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación establece no seu punto 1.5, centro de EXB, do inventario detallado de bens, dereitos e obrigas do Estado adscritos aos servizos e institucións que se traspasan a Galicia (páxina 20821 do BOE do 31 de xullo de 1982) que *"(...)todos os edificios escolares e vivendas para mestres existentes no termo municipal onde radiquen as escolas nacionais de Ensinanza Primaria, serán de propiedade municipal (...).* Polo tanto queda acreditada a titularidade municipal das vivendas dos mestres sitas na rúa Juan Seijas nº 37, dentro da parcela catastral 2462506NH5826S0001DE, sen prexuízo de que unha vez asignado o novo uso cultural e social que se pretende sexa regulada a situación rexistral coa súa inscrición segundo o procedemento correspondente. Debendo, así mesmo, terse en conta a necesidade da elaboración e aprobación do inventario de bens en base a normativa vixente.

Segundo.- As vivendas dos mestres obxecto deste informe foron construídas para seren dedicadas a casa-habitación dos mestres que exercían as súas funcións no actual CEIP Vicente Otero Valcárcel. Co paso do tempo, ditas vivendas foron caendo en desuso polo que se lle solicitou a Administración educativa competente na materia (Consellería de Educación da Xunta de Galicia) autorización administración previa á desafectación do mencionado uso. Así o recolle na súa disposición décimo quinta a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación que establece no seu apartado 2 que *"A conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial, corresponderán ao municipio respectivo. Ditos edificios non poderán destinarse a outros servizos*


CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

*ou finalidades sen autorización previa da Administración educativa correspondente.”* e o artigo 6 do Decreto 250/1988, do 21 de xullo, da Xunta de Galicia.

Como consecuencia da solicitude á Consellería de Educación de autorización previa á desafectación das vivendas dos mestres emitíronse as resolucións de desafectación que se recolle nos antecedentes deste informe.

Terceiro.- Tendo en conta que como recolle o arquitecto municipal, no seu informe do 29 de xaneiro de 2024, existe unha dobre numeración das vivendas que dificulta comprobar a que numeracións fan referencia as resolucións de autorización previa á desafectación emitidas pola Consellería de Educación ao longo destes anos pero que dá a entender que están todas desafectadas pois nas catro resolucións numéranse un total de catorce vivendas. Polo que podemos concluír que as catorce casas dos mestres, baleiras e sen uso na actualidade, contarían coa autorización previa da Administración Autonómica para a súa desafectación.

Cuarto.- Tendo en conta que todas as vivendas dos mestres contan coas autorizacións administrativas previas para desafectalas de casa-habitación dos mestres a outro uso público; mantendo a súa natureza xurídica de ben de domino público, o que conlevaría unha mutación demanial obxectiva, é polo que se pode proceder ao ordenado pola alcaldía deste Concello que pretende cambiar o destino das vivendas para **destinalas a un uso cultural e social municipal**, como mutación demanial obxectiva, sen que supoña un cambio de natureza de ben de dominio público afecto a un servizo público. Así pois, de acordo coa lexislación vixente, a competencia para aprobar a mutación demanial correspóndelle ao Pleno ao abeiro do artigo 22.2.l) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local co voto favorable da maioría simple.

Por todo isto, o procedemento a seguir sería:

- aprobación inicialmente por acordo do pleno municipal da mutación demanial obxectiva e ordenar a súa publicación no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, polo prazo dun mes, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o procedemento ou a parte que se acorda.

- se durante o prazo dun mes de información pública non se teñen presentado alegacións, o acordo entenderase como definitivo.

- inscrición no rexistro da propiedade como ben municipal.

Á vista dos anterior, esta informante emite o seguinte **INFORME PROPOSTA DE ACORDO**

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Primeiro.- Aprobar inicialmente o cambio de destino das vivendas dos mestres sitas na rúa Alcalde Juan Seijas nº 37, na parcela con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE onde se atopa o CEIP Vicente Otero Valcárcel e o polideportivo, que serán destinadas a un uso cultural e social municipal, como mutación demanial obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto ao servizo público.

Segundo.- Publicar no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, sito na sede electrónica, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

Terceiro.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non existiren alegacións ou reclamacións, e, de existiren, un novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

Cuarto.- Cando o acordo sexa definitivo inscribir o ben no rexistro da propiedade como un ben inmoble municipal así como a súa incorporación ao inventario de bens cando sexa elaborado e aprobado pola Administración.

Quinto.- Facultar á alcaldía para a sinatura de todos os documentos relacionados con este asuntos.

E isto é todo o que teño a ben informar-propoñer. Carral, na data da sinatura dixital

A técnica xurídica

Por todo o exposto, proponse que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar inicialmente a mutación demanial obxectiva que consiste en cambio de destino das vivendas dos mestres sitas na rúa Alcalde Juan Seijas nº 37, na parcela con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE onde se atopa o CEIP Vicente Otero Valcárcel e o polideportivo, que serán destinadas a un uso cultural e social municipal, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto ao servizo público.

**SEGUNDO**.- Publicar no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, sito na sede electrónica, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYS
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

**TERCEIRO**.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non existiren alegacións ou reclamacións, e, de existiren, un novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

**CUARTO**.- Cando o acordo sexa definitivo inscribir os bens no rexistro da propiedade como bens inmobles municipais de dominio publico afectos a uso cultural e/ou social así como a súa incorporación ao inventario de bens cando sexa elaborado e aprobado pola Administración.

**QUINTO**.- Facultar á alcaldía para a sinatura de todos os documentos relacionados con este asunto.

Carral asinado electronicamente na data e hora que figura na marxe **”**

Sen máis intervencións, por mayoría absoluta con 7 votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal de Alternativa dos vecinos e 3 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP o Pleno municipal adoptou o seguinte **ACORDO** :

**PRIMEIRO**.- Aprobar inicialmente a mutación demanial obxectiva que consiste en cambio de destino das vivendas dos mestres sitas na rúa Alcalde Juan Seijas nº 37, na parcela con referencia catastral 2462506NH5826S0001DE onde se atopa o CEIP Vicente Otero Valcárcel e o polideportivo, que serán destinadas a un uso cultural e social municipal, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto ao servizo público.

**SEGUNDO**.- Publicar no boletín oficial da provincia e no taboleiro de edictos do Concello, sito na sede electrónica, polo prazo dun mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

**TERCEIRO**.- Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non existiren alegacións ou reclamacións, e, de existiren, un novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

**CUARTO**.- Cando o acordo sexa definitivo inscribir os bens no rexistro da propiedade como bens inmobles municipais de dominio publico afectos a uso cultural e/ou social así como a súa incorporación ao inventario de bens cando sexa elaborado e aprobado pola Administración.

**QUINTO**.- Facultar á alcaldía para a sinatura de todos os documentos relacionados con este asunto.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo as 19 horas e 36 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde - Presidente e da Scretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral,

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Vº Prace

Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE


CVD: v/u+46I3tYxygmZL5HYs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)